



GALA DO DEPORTE 2017

Tras a celebración do Consello Deportivo Municipal o pasado 18 de xaneiro, propónse como data da Gala do Deporte o venres 24 de febreiro de 2017.

Ábrese un prazo de 15 días naturais a contar desde o luns día 30 de xaneiro de 2017 para presentar as candidaturas (que deberán conter o currículo referente ao 2016 e a fotografía da persoa, entidade ou equipo do que se trate) estas deberán ser entregadas no rexistro do Concello (o horario de rexistro é de 9h-14h de luns a venres); ademais agrádese que se acheguen tamén en formato dixital dirixido ao correo electrónico da alcaldesa, alcaldia@concellodemoana.org.

Neste ano serán de aplicación as seguintes cuestións a proposta do Consello Deportivo Municipal:

- Mantense o número de propostas a realizar en cada tipo de mención como no ano pasado, é dicir 3 persoas en cada categoría, salvo na “Mención por especialidades das mellores persoas deportistas” na que só se poderá nominar a unha.
- O xurado non pode facer modificación nas categorías, só se poderán valorar as candidaturas presentadas en cada categoría.
- Permitirase que unha persoa premiada por ser a mellor deportista poida ser premiada por ser a mellor por especialidade.
- Crearanse novas categorías por idades:

Individual:

- Mellor deportista masculino e feminino promesa (ata 18 anos de idade)
- Mellor deportista masculino e feminino senior
- Mellor deportista masculino e feminino veterano/a

A estas categorías cada club presentará un máximo de 3 deportistas, non poderá presentarse a unha persoa deportista en máis que nunha categoría, e será polos logros desa persoa nesa categoría. De entre as persoas gañadoras de cada categoría, escollerase á e ao mellor deportista feminino e masculino.

Equipo:

- Mellor equipo masculino e feminino promesa (ata 18 anos de idade)



- Mellor equipo masculino e feminino senior
- Mellor equipo masculino e feminino veterano/a

A estas categorías cada club presentará un máximo de 3 equipos, non poderá presentarse a un equipo en máis que nunha categoría, e será polos logros dese equipo nesa categoría. De entre os equipos gañadores de cada categoría, escollerase ao mellor equipo feminino e masculino.

· Nos premios por especialidades, valorarase o currículo integral da persoa deportista atendendo aos logros da tempada que se valora en todas as categorías que teña participado.

· As persoas adestradoras poderán presentar candidatura ás categorías de deportistas de selo e contar cos méritos suficientes.

A composición do xurado da Gala do Deporte, por consenso das persoas asistentes, é a seguinte:

Membro nato: (o presidente do CDM) Abel Pérez Guardado.

Polas entidades deportivas: Club Taekwondo Patiño-Moaña e SD Samertolameu de Remo.

Polas persoas deportistas: Vanessa Rivas e Noelia Pérez.

En Moaña, a 27 de xaneiro de 2017.

O Concelleiro de Deportes e Mocidade.

D. Abel Pérez Guardado.